
Prólogo

Manuel-Oreste Rodríguez López fixo de Galicia un poema, os seus versos foron o brado dos milleiros de emigrados, clamor do espírito saudoso de quen se atopaba afastado dela. Debido as súas circunstancias persoais tivo que deixar a súa Paradela natal con tan só seis anos, pero na súa lembranza non esmorecería, como así quedou reflectido nas súas obras. Ensinounos a amar Galicia dende a diáspora.



Cunha sensibilidade que só uns poucos posúen, deu voz aos máis humildes e traballadores, gabou as virtudes da súa terra e amosou o sentir de todos os que coma el, tiveron que emigrar de Galicia. Rodríguez López nunca abandonou o compromiso social nin a orixe galega na súa poesía, nin na obra narrativa ou nas crónicas periodísticas. Unha ampla obra na que a lembranza do seu berce natal nunca desapareceu.

Un dos bos e xenerosos que traballou por defender e prestixiar a identidade e cultura galega, e por suposto, do meirande dos seus piares, a nosa lingua. Empregaba un galego sinxelo, vivo e de gran riqueza expresiva, tal e como subliñou Ramón Piñeiro, a través do cal expresaba o que el viviu e sentiu. Denunciou e informou da súa realidade como emigrante dunha aldea galega e como traballador que sinte a necesidade de avaliar a súa situación. Nada lle era alleo, e moito menos, se implicaba a lembranza da historia e cultura galega ou a crítica social.

Rodríguez López, xa que logo, foi un exemplo da literatura ao servizo da comunidade. Razón pola cal celebrou que o Concello de Paradela impulsase un certame literario co seu nome, que axuda a manter vivo o seu legado e contribúe a transmitirle o seu exemplo ás novas xeracións.

Na sociedade actual cobra especial importancia dotar de grandes referentes que sirvan de guía para inspirarnos e fortalezan a nosa vontade e compromiso coa nosa sociedade e coa nosa cultura. Son eles quen nos axudan a construír a nosa identidade, definir o noso camiño. Este espírito é o que envolve este Certame literario de poesía e narrativa Manuel-Oreste Rodríguez López que, ano tras ano, serve de acicate para a creación literaria. Un certame que se encontra

entre os máis concorridos de Galicia, e que está plenamente consolidado a nivel nacional. Mostra disto é a alta participación e a calidade das creacións presentadas, tal e como se amosa neste libro que recolle os textos gañadores deste ano, que se suman á ampla nómina de poetas e narradores ao longo do tempo.

A edición deste libro supón unha nova achega á nosa cultura, que ano tras ano vaise facendo máis grande grazas a iniciativas como esta impulsada dende o Concello de Paradela, ao que agradezo o seu labor como dinamizador cultural, poñendo de manifesto o potencial do rural galego como creadores e dinamizadores culturais.

Estas páxinas son un fermoso agasallo para o que foi un dos fillos predilectos de Paradela, e coido que Manuel, ou Oreste como asinaba as súas obras, dende o alén a onde o conduciu a súa fe, estará moi ledo de ver como traballades por Galicia e a súa cultura, mesmo como o seu legado se mantén vivo e se engrandece cos traballos e creacións das novas xeracións.

José López Campos
Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude